




Móbil de contrastes

o primeiro xogo do bebé



OS CONTRASTES



Durante as primeiras semanas de vida, xs bebés distinguen principalmente os contrastes moi fortes, especialmente branco/negro. Pouco a pouco irán desenvolvendo os mecanismos visuais que lles permitirán ir distinguindo mellor as cores e ampliando o seu campo de visión.

Proba a facer cartóns con distintas siluetas e debuxos en branco e negro e observa como fixa a atención neles. Con este móbil, ímoslle proporcionar un material moi divertido, momentos de concentración e de estímulo visual. É moi sinxelo e non che levará nada de tempo.


Con este móbil, ímoslle proporcionar un material moi divertido, momentos de concentración e de estímulo visual. É moi sinxelo e non che levará nada de tempo.

QUE PRECISAS?


- 1 ou 2 garabullos ou varillas. A nós gústannos as pólas das árbores, pero se non tes a man, calquera varilla de madeira estará ben. E se tampouco tes varillas, bota man dunha percha do teu armario ;).
- 1 esfera de porexpán ou pelota branca duns 8 cm de diámetro.
- Fío ou corda.




Móvil de contrastes recortable



Móvil de contrastes recortable




Cilindro



MONTAXE

- Imprime as plantillas en cartulina. Se non tes ninguna na casa, podes imprimir sobre folio branco e despois pegar 2/3 folios máis para conseguir unha superficie con consistencia.
- Curta as formas e móntaas, tendo en conta que terás que poñerlles a corda despois para cogalas.
- Pinta na esfera uns círculos negros dun tamaño suficiente para que contraste claramente.
- Coloca o fío ou corda en cada unha das figuras.
- Ata las figuras ás varillas.


O TEU MÓBIL ESTÁ LISTO!!



Dende Gaia Ecocrianza valoramos e entendemos o **xogo como unha necesidade vital para as nosas crianzas**. Dende o xogo, as crianzas aprenden a entender o mundo. Xogar é unha fonte inesgotable de pracer, alegría e satisfacción que permite o crecemento harmónico do corpo, da intelixencia, da afectividade e a sociabilidade.

É por iso que vos convidamos a **fomentar o xogo non dirixido e o movemento libre**, permanecendo atentas/os ás necesidades das vosas crianzas, investindo en materiais de calidade e duradeiros.

En Gaia Ecocrianza dedicamos moito tempo a planificar e deseñar as nosas actividades de xogo. Temos actividades para todas as etapas de desenvolvemento, dende o nacemento ata os 5 anos, centradas na exploración autónoma, o xogo non dirixido e o material non estruturado.



Bibliografía recomendada

Goldschmied, Elinor e Jackson, Sonia. *La educación infantil de 0-3 años*. Ediciones Morata.

Majem, Tere e Ódena, Pepa. *Descubrir jugando*. Octaedro-Rosa Sensat